


Árbore Monumental

Aos pés do carpe atópase o escultural Banco dos Namorados, un monumento de bronce colocado no ano 2011 na lembranza das parellas de namorados de Padrón que adoitaban visitar este recanto do xardín.



Carpinus betulus

SABÍAS QUE...? A follaxe desta especie, a pesares de ser caduca, perdura na árbore moito tempo, chegando a convivir as follas máis antigas coas máis novas.

É un Carpinus nativo do oeste, centro e sur de Europa, estendéndose tan ao oriente como o oeste de Rusia e Ucraína. Require un clima tépedo para bo crecemento, só a elevacións por riba dos 600 m. Medra mesturado con Quercus, e nalgúns áreas con Fagus, e é unha árbore común en bosques degradados.

Nome común: Carpe (cast.); Carpe (gal.); European hornbeam, Common hornbeam (ing.).

Etimoloxía:

- Carpinus: era o nome co que os romanos designaban ao carpe e á súa madeira
- betulus: alude á súa semellanza co bidueiro, Betula, que pertence á mesma familia

Descrición da especie: Árbore pequena-mediana de follas caducas de ata 25 m, de cortiza grisácea, tronco sinuoso, coma se posuise musculación, e ramiñas novas pelosas. As follas son alternas, con prominentes veas dando un corrugado distintivo, e marxes serrados semellantes ás do olmo, pero simétricas. As flores masculinas e as femininas nacen por separado en grupos colgantes na primavera. As primeiras para facilitar a dispersión do pole polo vento. Os amentos aparecen en maio despois das follas. O froito é unha pequena e longa noz, parcialmente envolta por trifoliolos e o involucro madura no outono. As sementes frecuentemente non xerminan ata a primavera do segundo ano despois de sementala. É un prolífico sementeiro e ten unha vigorosa rexeneración natural.

